

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4**

### **SESION EXTRAORDINARIA 25 DE MARZO DE 2015**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, M<sup>a</sup> Olga  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velooso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Araújo Pereira, Marcos.  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### NON ASISTEN:

Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen (grupo municipal Socialista)  
Álvarez Pérez, José Luís (grupo municipal Partido Popular).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Iníciase o Pleno do Concello, sesión extraordinaria, convocatoria no poder das señoras e señores concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

Antes do inicio da orde do día formal, quería transmitir o noso pesar polo grave accidente de aviación que houbo no día de onte entre Barcelona e Düsseldorf, en Francia, mandar as nosas condolencias, o pésame aos familiares das persoas falecidas e o noso sentimento de proximidade, entendo no nome de todo o Pleno, como corresponde, dos vinteseis membros do Pleno.

### **1(52).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE.**

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 24 de marzo, propuxo para o presente ano 2015 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade ó Pleno do Concello a concesión de Medalla da Cidade ao SECTOR DE AUTOMOCIÓN DE VIGO.

Por escrito de data 25 de marzo de 2015, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe-proposta:

#### *“Asunto: Concesión Medalla da Cidade 2015*

O RD 2568/86 que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

O Regulamento de Honores e Distincións aprobado por este Concello na súa sesión do 29 de setembro de 1981, establece como distinción (art. 7º) a Medalla da Cidade que se poderá propoñer (art. 3º) por moción da Alcaldía ou grupo político, por petición popular ou por petición dun número de concelleiros igual á maioría absoluta.

A Excma. Corporación propón ao SECTOR DE AUTOMOCION DE VIGO para a concesión da Medalla da Cidade. Esta institución está presente en boa parte da historia da cidade olívica durante a Idade Moderna e Contemporánea, o que fai que os vigueses a consideren como un dos seus principais sinais de identidade, non só pola importancia das cifras da súa industria senón pola diversificación das

empresas, que contribue ao desenvolvemento da cidade.

Por isto, de conformidade coa Xunta de Voceiros, propónse ó Pleno da Excm. Corporación a adopción do seguinte acordo...”

O Xefe de Protocolo e RR.PP. formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN.- Por asentimento dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e seis que a constitúen de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

"Conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2015, SECTOR DE AUTOMOCIÓN DE VIGO en consideración o seu papel preponderante no desenvolvemento da cidade e pola súa importancia no entorno europeo tanto polo seu nivel tecnolóxico coma pola súa importancia laboral.

## **2(53).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS.**

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 24 de marzo, propuxo para o presente ano 2015 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade ó Pleno do Concello o nomeamento dos seguintes Vigueses Distinguidos:

- D<sup>a</sup> Vanessa Lage Carreira
- D. Vicente Allo Barona
- Plataforma Galega Afectados pola Hepatite C
- D. Emilio Suárez Coruxo
- D. José Bailón Bailón
- Hospital Meixoeiro
- AFAGA
- D. Carlos Mañas Gómez

Por escrito de data 25 de marzo de 2015, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo,

Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe:

*"Asunto: Nomeamento Vigueses Distinguidos ano 2015"*

O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

En aplicación do artigo 5º.3 do Regulamento de honras e distincións, aprobado por acordo plenario do 29 de setembro 1981, a Comisión de Goberno do 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de "Vigués Distinguido", para galardoar á "persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ó longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo nalgúns casos persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría".

A facultade do nomeamento corresponde ao Pleno da Corporación, recollendo as propostas formuladas polos grupos políticos municipais."

A proposta do presente ano 2015 segundo notas bibliográficas no expediente é a seguinte:

-AFAGA -ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA

Nace no ano 1994 froito do interese dun grupo de familiares a raíz da desorientación e falta de información que naquel momento existía respecto das enfermidades de Alzheimer e outras demencias como primeira asociación de Galicia.

Nun principio, tivo carácter autonómico aínda que posteriormente, debido á aparición de novas asociacións e a imposibilidade de abarcar tan amplo espectro poboacional, o seu radio de acción redúxose ó ámbito provincial. A maioría das actividades e programas que se levan a cabo ten un ámbito local referido á cidade de Vigo.

AFAGA pertencía á Confederación Nacional de Asociacións de Familiares de enfermos de Alzheimer (CEAFA), e por iso foi membro fundador da Federación de Asociacións Galegas de familiares de enfermos de Alzheimer (FAGAL). A raíz deste proceso, a Federación Nacional converteuse na Confederación da que actualmente forma parte a Federación Galega.

Dentro do seus fins máis destacados están a orientación e información tanto a familiares como á poboación en xeral, acercar a realidade do Alzheimer ás entidades públicas e privadas co obxectivo de acadar unha resposta ampla ou eficaz ás demandas deste colectivo e estimular e colaborar nas investigacións que sobre esta enfermidade se realicen.

Dende o año 1994 esta asociación desenvólvea unha serie de actividades e programas cos que se intenta axudar ó enfermo e o seu entorno familiar a paliar as limitacións que esta enfermidade impón.

#### D. CARLOS MAÑÁS GÓMEZ\_

Creceu en Vigo dende o ano 1974, aínda que naceu en Valencia. Se considera Vigués 100% e se formou como publicista en Madrid, chegando a ter a súa propia empresa, con gran recoñecemento internacional é se especializou en Marketing social, traballando para varias multinacionais, É un activista social a favor da tolerancia e da solidariedade; preside varios lobbies de presión e participa de forma activa no terceiro sector.

Tamén foi profesor de publicidade e marketing nunha coñecida escola viguesa. Un tempo despois das súas primeiras experiencias frustradas tras ser diagnosticado de trastorno bipolar ós corenta anos, impulsou a creación do Foro de Saúde Mental TBO (Trastorno Bipolar Organización). É autor de máis dunha decena de libros sobre marketing, pero na temática humanitaria debutou fai seis anos coa publicación de " El discreto encanto de la filantropía". "

O libro " Mi cabeza me hace trampas" é un manual de optimismo ilustrado, onde recolle información práctica e datos sobre a enfermidade mental bipolar.

#### D. EMILIO SUÁREZ CORUXO

Naceu en Caborana (Aller-Asturias) é dominico licenciado en teoloxía, estudos eclesásticos e socioloxía e profesor do instituto politécnico e do Seminario de Vigo.

É un membro activo do Movemento cidadán da parroquia do Cristo da Vitoria de Coia con máis de 30.000 persoas, así como animador das comunidades populares de base de da acción social da mesma.

Dende o desenvolvemento urbanístico do polígono de Coia reivindicou as necesidades que carecía a zona como o saneamento, iluminación, transporte público, equipamento educativo e sanitario e zonas verdes e moi especialmente un gran parque na Bouza.

Así dende os anos 70 é un loitador polos dereitos e as condicións de vida das persoas, preocupado polos máis desfavorecidos, a defensa da renda básica e sempre ao lado daquelas persoas que están a padecer máis cruelmente os efectos da crise económica e da exclusión social.

#### HERMANO JOSÉ BAILÓN BAILÓN .

Nacido en Peleas de Arriba (Zamora) converteuse en fraile en 1952 e o destinaron a Vigo no ano 1964 ocupándose primeiramente do internado na sede da rúa Sanxurxo Badía nos comedores. Posteriormente nomeouse Administrador do centro, atribuíndoselle a modernización do centro, a transformación do comedor en

autoservicio. Foi o creador do Grupo Apostol en 1972 integrado polo persoal non decente do centro Irmán Xesuíta que leva 50 anos no Colexio Apóstol, e que está aínda en activo os seus 79 anos.

Recentemente concedéuselle a insignia de oro do centro pola Asociación de Antiguos Alumnos.

### **HOSPITAL MEIXOEIRO**

Situado ao Este da cidade de Vigo, sobre o alto do monte que leva o se nome, no que se accede dende a autoestrada A-52 o ben pola AP-9 xuntándose ámbalas dúas no nó do Alto de Puxeiros.

Este edificio empezou o seu funcionamento no ano 1989 para solucionar o déficit sanitario dá area, celebra este ano o seu 25 aniversario e ten unha adecuada iluminación natural, xa que todas as estancias son exteriores cunhas inmejorables vistas da Ría de Vigo. Consta de catro edificios, tres anexos e dúas naves e conta con servizos de hospitalización e centrais. (Cirurxía Cardíaca, Hemodinámica, Oncoloxía, Radioterapica, Braquiterapia, Oncoloxía, M. Intensiva, M. Nuclear, Laboratorios, UCMA, e Diálise, Urgencias, Bloque cirúrxico, cociñas, lavandería, talleres de mantemento, administración e admisión, consultas externas, radioloxía, rehabilitación e vestiarios, cafetería, biblioteca, salón de actos e xuntas e a escola universitaria de Enfermería.

Ademais de ser un gran xerador de beneficios asistenciais da cidade, tamén acadou importantes logros sociais xa que hoxe en día é un dos maiores xeradores de emprego en Vigo, xa que aglutina a miles de traballadores unidos polo mesmo obxectivo común de mellorar o nivel de saúde da poboación de Vigo coa súa labor, esforzo e dedicación que fan gañarse a confianza dos vigueses.

### **PLAFAFORMA GALEGA DE AFECTADOS POLA HEPATITE C**

Esta plataforma se constitúe en Vigo o día 19 de decembro de 2014 como motivo da contradición ante as manifestacións do Ministerio de Sanidade, Servizos sociais e igualdade do goberno central da incorporación ao Sistema Nacional de Saúde dunha nova batería de fármacos cunha alta taxa de curación fronte ao Virus da Hepatite C (VHC) superior ao 90% e a constatación por parte dos doentes das severas restricións no acceso a estes tratamentos levadas a cabo por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. O detonante para esta mobilización foi as primeiras denegacións polos médicos especialistas destes tratamentos.

Ditas mobilizacións son a loita polo acceso a través da sanidade pública á posibilidade real da cura dunha mortal e grave enfermidade pola chegada destes novos avances científicos que se incorporaron ao Sistema Nacional de Saúde. A esixencia final é o cumprimento dun dereito constitucional á protección da saúde sen ter que deixar a vida polo camiño.

A súa valentía e esforzo deste colectivo é un exemplo social na loita e denuncia de políticas inxustas e na defensa dos seus dereitos e da sanidade pública que afecta

a un número moi significativo de persoas.

**D. VICENTE ALLO BARONA E DA. VANESA LAGE CARREIRA AXENTES DA POLICÍA NACIONAL**

Ferido de gravidade e falecida respectivamente nun acto de servizo durante un atraco a unha sucursal bancaria da cidade, defendendo os cidadáns de Vigo.

Os feitos sucederon o pasado 28 de novembro de 2014 cando os axentes asistiron a un atraco nunha entidade bancaria na que o atracador acabou ca vida de Vanesa Lage de 36 anos de idade, e feriu de gravidade ao seu compañeiro Vicente Allo de 41 anos.

E de recoñecer o esforzo e adicación a todos os homes e mulleres que traballan a diario para que Vigo siga a ser a cidade segura que é.

Eles exemplarizaron a significación de ser policía, que é ser servidor público, arriscar todo por axudar aos cidadáns con xenerosidade, vocación e heroísmo.

VOTACIÓN.- Por asentimento dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e seis que a constitúen de feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Conceder o título de Vigüés Distinguido, Reconquista 2015 ás seguintes persoas e institucións:

- D<sup>a</sup> Vanessa Lage Carreira
- D. Vicente Allo Barona
- Plataforma Galega Afectados pola Hepatite C
- D. Emilio Suárez Coruxo
- D. José Bailón Bailón
- Hospital Meixoeiro
- AFAGA
- D. Carlos Mañas Gómez

PRESIDENCIA: En segundo lugar, quería transmitir que ás doce está convocado, os medios tamén ás doce, faremos un minuto de silencio en memoria das vítimas do accidente de onte, pola nosa propia decisión dos tres grupos pero tamén pola decisión e seguindo a decisión que tomamos onte na Federación de Municipios e Provincias.

En terceiro lugar quería dicir que postergaremos a entrega dos galardóns de Vigüeses Distinguidos porque nesta situación de loito non consideramos que sexa propio facer esa celebración.

Polo tanto, postergaremos e o acordaremos de mutuo acordo os tres grupos para a partir de Semana Santa, pero consideramos que neste momento e nesta sensación profunda de pesar neste país e en Vigo tamén por este accidente, a sensibilidade aconsella postergar esa entrega de galardóns.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión ás dez horas e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 25 de marzo de 2015. Consta de ..... folios da serie A numerados do ..... ao ....., e números do ..... ao ..... Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de xuño de 2015.

Vigo, a 3 de xuño de 2015

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda